PARLAMENTO DE GALICIA

[PLG/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, do día 29 de novembro de 2024

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, o día 29 de novembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
María Encarnación Amigo Díaz
(Presidenta)
José Manuel Mato Díaz
(Vicepresidente)
Montserrat Valcárcel Armesto
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Enrique Barreiro Sánchez
Juan Manuel Casares Gándara
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Cristina Campero Dorado)
Ángel Rodríguez Conde
Cecilia Vázquez Suárez
Miguel Ángel Viso Diéguez
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
María Cristina Fernández Davila
(en substitución de Ariadna Fernández González)
Secundino Fernández Fernández
José Manuel Golpe Acuña
(en substitución de Xosé Luís Bará Torres)
Sonia Vidal Lamas
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Julio Ernesto Abalde Alonso
(en substitución de Lara Méndez López)
Silvia Longueira Castro
(en substitución de María del Carmen Rodríguez Dacosta)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 **6292 (12/PNC-000752)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Vidal Lamas, Sonia e 4 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe impulsar co fin de controlar a poboación do xabaril e para resarcir os labregos dos estragos que este animal causa nos cultivos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 46, do 03.07.2024

A **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** explica os motivos que xustifican a presentación desta proposición non de lei, ampliando os contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para comentar brevemente o que se demanda na iniciativa.

A seguir toma a palabra o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** para manifestarse a prol da proposición non de lei defendida.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Grueira Fernández, Nicole (P),** expón diversas consideracións sobre a intervención da propoñente, e motiva o posicionamento do seu grupo en contra desta iniciativa de impulso ao Goberno.

A **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado pola oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

1.2 **8536 (12/PNC-000881)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Barreiro Sánchez, Enrique e 8 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España para que flexibilice os requisitos de benestar animal relativos ao deseño das explotacións
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 68, do 21.08.2024

O **señor Barreiro Sánchez, Enrique (P),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo

PARLAMENTO DE GALICIA

á presentación desta proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para manifestar que se vai abster na votación desta proposta.

A seguir toma a palabra o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, para explicar as diferentes actuacións da Administración central no tema obxecto da iniciativa.

O **señor Fernández Fernández, Secundino (BNG),** amósase crítico co que se demanda con esta proposta e non manifesta expresamente o voto do seu grupo.

Na rolda de puntualizacións o **señor Barreiro Sánchez, Enrique (P),** comenta as anteriores intervencións e insiste na importancia desta iniciativa de impulso ao Goberno.

1.3 10235 (12/PNC-000964)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que adapte o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais ás características de cada comarca e realice un investimento urxente nesta materia no Condado-A Paradanta e na Louriña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 81f2, do 11.09.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. do Bloque Nacionalista Galego presentou unha autoemenda (doc. núm. 15026), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

A **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta proposición non de lei, así como da autoemenda de adición dun punto 3 ao texto resolutivo, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes o **señor Ojea Bouzo (M),** comunica o voto favorable do grupo ao que representa.

Na mesma rolda toma a palabra en segundo lugar o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** amósase a favor do que se demanda con esta iniciativa de impulso ao Goberno.

PARLAMENTO DE GALICIA

En terceiro lugar intervén o **señor Rodríguez Conde, Ángel (P),** que entende que non procede esta proposta e da conta das diferentes actuacións que contempla o Goberno galego na comarca á que se refire a iniciativa.

Na rolda de puntualizacións a **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG),** non concorda coas manifestacións do grupo que apoia ao Goberno e agradece o apoio do grupos da oposición.

1.4 13289 (12/PNC-001263)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Viso Diéguez, Miguel Ángel e 14 máis
Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co nivel de protección do lobo
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024

Toma a palabra o **señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P),** para expoñer as razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** para manifestar que se vai abster na votación.

En segundo lugar toma a palabra o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** que expresa o seu desacordo con moitas das argumentacións expostas polo propoñente, e refire o posicionamento do Goberno central nesta materia.

Nesta mesma rolda a **señora Vidal Lamas, Sonia (BNG),** amósase crítica coa iniciativa e coas accións do Goberno galego no tema obxecto da iniciativa.

Na rolda de puntualizacións o **señor Viso Diéguez, Miguel Ángel (P),** ratifícase na defensa da iniciativa, logo amosar a súa discrepancia coas intervencións da voceira e do voceiro que o precederon no uso da palabra.

A Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1.1 6292 (12/PNC-000752), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 8 (G.P. BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)

PARLAMENTO DE GALICIA

Abstencións: 0

1.2 8536 (12/PNC-000881), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado** por:

Votos a favor: ..... 11 (G.P. P+S)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 6 (G.P. BNG+M)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, en particular ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que materialice canto antes a flexibilización dos requisitos de benestar animal relativos ao deseño das explotacións e se acelere a tramitación e entrada en vigor do real decreto que os modifica.»

1.3 10235 (12/PNC-000964), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa engádega derivada da autoemenda (doc. núm. 15026), resulta **rexeitado** por:

Votos a favor: ..... 8 (G.P. BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P. P)
Abstencións: 0

1.4 13289 (12/PNC-001263), do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **aprobado** por:

Votos a favor: ..... 11 (G.P. P+S)
Votos en contra: 0
Abstencións: ..... 6 (G.P. BNG+M)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico que rectifique a súa decisión de incluír o Canis Lupus (lobo) na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial (LESPRE) e no Catálogo Español de Especies Ameazadas.»

Rematado o debate, a presidenta agradece a atención e o traballo dos servizos da Cámara e levanta a sesión.

PARLAMENTO DE GALICIA

Remata a sesión ás 12:50 horas.

María Encarnación Amigo Díaz

Firmado digitalmente por María Encarnación Amigo Díaz
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Encarnación Amigo Díaz, email=maria.amigo.diaz@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.03 14:06:55 +01'00'

V.º e pr.
María Encarnación Amigo Díaz
Presidenta da Comisión

Montserrat Valcárcel Armesto

Firmado digitalmente por Montserrat Valcárcel Armesto
Fecha: 2025.02.03 13:36:45 +01'00'

Montserrat Valcárcel Armesto
Secretaria da Comisión